

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2009

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s
pensades escribir ...




... a Reis de Oriente, Santas do Norte, Papanoeles, Apalpadores e demais xentes xenerosas, porque non hai crise no mundo que volo poda impedir. E como, outro ano máis, vimos que neses catálogos cheos de páxinas a toda cor que vos veñen repartir á saída do cole non hai UN SÓ libro, non quixemos ser menos e acolá vai o noso "catálogo" de suxerencias para pedichonear:

2º CICLO PRIMARIA:

- **Oda a unha estrela-** Pablo Neruda-Kalandraka: Onde agochar unha estrela roubada no alto dun rañaceos? Debaixo da cama? E a súa luz, non vai delatar ao ladrón?
- **Wangari y los árboles de la paz-** J.Winter- Ekaré:

Esta é a historia de Wangari, premio Nobel da Paz en 2004, cando era nena, en Kenia, e caeu na conta de que o bosque estaba sendo destruído...



- **Mil cousas poden pasar-J.Fdez.Serrano-Xerais:** Na cidade de Nil, Neda e Mercurín buscan un agasallo para o aniversario do seu pai, o rei do mar. Na busca dese agasallo ocorrerán mil cousas, queres sabelas?

- **Vida secreta de las mamás- B. Masini-Laberinto:** Dende que se despiden de ti á mañá cando ves ao cole, ata que as volves ver de regreso, as mamás son algo máis que mamás. Nesa vida segreda que teñen allea a ti, que farán? Loitan con dragóns, preparan apócemas, encantan serpes? Descúbreo.



- **A casa máis animada do mundo-C. Sáez- Baía:** Será porque está chea de animais?, en cada andar comparten cuarto de baño; hai tartarugas con presa, gatos que len, grelos e percebes que se coñecen na festa... e fadas, labregos, nenas e nenos...



MAMASES,PAPASES,PROF@S e demais adult@s:

- **Sete palabras- S.de Toro-Xerais:** Viaxe do protagonista, á orixe da propia identidade; entre a reflexión e a terneza, a cultura occidental agroma dos xeitos de vida máis humildes.



- **Dime algo sucio-D. Ameixeiras-Xerais:** A vida de distintas personaxes enléase nesta novela de intriga, onde conviven taxistas, grafiteiros, policía, vendedores de top manta...



- **Areaquente- An Alfada-Sotelo Blanco:** Cristofo, fotógrafo que busca as fotos con arume, fuxe do desamor en Areaquente, cando a súa muller o abandona por outra.



- **El fin del mundo y un despiadado país de las maravillas-H. Murakami- Tusquets:** No fin do mundo, un home queda sen sombra nin lembranzas entre unicornios de dourado pelaxe invernal. Paralelamente,un refinado informático nun Tokio do futuro, é requerido por un científico manipulador.

